

Estimadas familias e alumnos:

A prolongación do estado de alerta sanitaria do país fainos seguir co plan de estudos de maneira virtual co fin de que os alumnos poidan seguir cos seus estudos.

Para poder seguir atendendo aos alumnos, algúns profesores poderán facer videochamadas grupais ou gravar unha serie de vídeos e audios que serán publicados ou enviados a través de Albotic. Informámoslos de que estes vídeos, audios ou os materiais que se poñan a súa disposición, están suxeitos ao dereito de intimidade e os contidos, ao dereito de autor.

Pregámoslles que traten estes vídeos e os demais medios coa máis estricta confidencialidade. Son para uso persoal e non se poden divulgar publicamente. Para evitar posibles incidentes, lembrámoslles que a Lei Orgánica 1/1982 do 5 de maio de protección civil ao dereito ao honor, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, obriga a todas as persoas a observar a máxima dilixencia para salvagardar ditos dereitos fundamentais das persoas. Non se poden publicar imaxes en ningún tipo de rede social, web, blog, etc. sen o consentimento expreso das persoas que aparecen nas imaxes.

Tamén lles lembramos que a Lei Orgánica 2/2018 do 5 de decembro da Lei de protección de datos e garantías de dereitos dixitais no seu artigo 84 ordena: “Los padres, madres, tutores, curadores o representantes legales procurarán que los menores de edad hagan un uso equilibrado y responsable de los dispositivos digitales y de los servicios de la sociedad de la información a fin de garantizar el adecuado desarrollo de su personalidad y preservar su dignidad y sus derechos fundamentales.” En base a este artigo, pregámoslles que informen aos seus fillos/as sobre o uso que poden facer destes vídeos e materiais, recalcando que non se poden facer capturas de pantalla ou gravacións das videochamadas.

A utilización de videochamadas ou a solicitude de tarefas que impliquen unha gravación sérvennos para poder realizar o noso traballo, poder estar en contacto cos alumnos e para poder ter datos para a súa avaliación.

Agradecemos a súa colaboración e comprensión.

Un cordial saúdo.

O Equipo Directivo